

Comeza a vendima na D.O. Ribeira Sacra

A **adega Ronsel do Sil da subzona Ribeiras do Sil** anuncia, que salvo imprevistos, inicia este mércores, **26 de agosto**, os traballos de recollida de uva de variedades puntuais en determinadas parcelas. Entre tanto, técnicos do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, realizan os controis de maduración que axudarán a fixar unha data oficial para o inicio xeneralizado da vendima nesta Denominación.

Os **controis de maduración** realízanse sempre nas mesmas parcelas, representativas das cinco subzonas e con uvas de distintas variedades. Cos resultados, o departamento técnico do Consello elaborará un informe que presentará a pleno para que se fixe a data oficial recomendada para o inicio da vendima; que o ano pasado foi o 19 de setembro despois de que a vendima na D.O. comenzara o 28 de agosto por parte doutra adega de Amandi, Adega Damm S.L. A vendima do 2019 terminárase convertendo na máis abundosa da historia con 7.262.831 quilos recolleitos.

Nesta vendima en que viticultores e adegueiros enfróntanse ao reto da recollida de uva garantindo a seguridade fronte á Covid19, o estado sanitario das uvas promete ser óptimo, aínda que se prevé que non sexa unha vendima tan abundante como a anterior, podendo este ano non chegar aos 6 millóns de quilos de uva ao darse algunhas enfermidades puntuais nas viñas.